

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

CONCELLO DE VIGO

Nome .....

Apelidos .....

DNI ..... **Idade** .....

Enderezo ..... **CP** .....

Localidade ..... **Provincia** .....

Teléfonos .....

Enderezo electrónico .....

Ocupación ..... **Organismo** .....

Envía os datos solicitados nesta ficha ao enderezo electrónico:
xornadas.igualdade@vigo.org

As prazas outorgaranse en rigorosa orde de inscrición.

Organiza:
Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e Consello Municipal da Muller.

Concellería de Igualdade	Teléfono:	Web:
Praza do Rei, 1ª planta 36202 Vigo	986 810 284 ofi.muller@vigo.org	igualdadevigo.org

Protección de datos: os datos que vostede facilite incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación. A lexitimación do tratamento está baseado no consentimento das persoas interesadas. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, despois do consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd.vigo@vigo.org. Así mesmo, as persoas usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

MINISTERIO DE IGUALDAD
SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDAD Y PARA LA ERRADICACIÓN DE LA VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Consello Municipal da Muller

CONCELLO DE VIGO

XORNADAS 25N

OCUPAR A PALABRA, HABITAR AS REDES.



23 E 24 DE NOVEMBRO

De 16:30 h a 20:30 h

Sala de Conferencias
da sede de **Afundación**
Rúa Policarpo Sanz, 26

XORNADAS 25N - CONCELLO DE VIGO
OCUPAR A PALABRA, HABITAR AS REDES.

A violencia contra as mulleres mutou e intensificou a súa presenza no contorno virtual. Esta forma de violencia non é un fenómeno illado nin se reduce a episodios inconexos de troleo. Así, constitúe unha extensión sistemática, adaptativa e coordinada da desigualdade estrutural das mulleres que opera fóra da rede.

Nos últimos anos, o auxe da manosfera como entramado de foros, canles e comunidades virtuais, consolidou redes de ciberacoso organizado contra as mulleres que empregan tácticas coordinadas entre as que destacan os ataques masivos á reputación, campañas dirixidas a inundar de insultos e descualificacións os perfís de mulleres e a exposición non consentida de datos persoais, familiares ou profesionais.

Tamén a denuncia masiva de contas e manipulación das ferramentas de reporte das plataformas virtuais para provocar o bloqueo e a suspensión de perfís feministas e de creadoras. Por outra banda, hai que ter en conta que a instrumentalización do algoritmo por parte de actores dixitais converten a misoxinia nun negocio rendible mediante a xeración de interacción a través do enfrontamento e a indignación.

Estas xornadas formativas pretenden afondar nesta forma de violencia dixital contando con mulleres que coñecen de primeira man os seus efectos e consecuencias na liberdade de expresión, a calidade democrática e a construción de estratexias de protección e acción. O obxectivo xeral pasa por analizar e visibilizar esta violencia, especialmente aquela artellada a través da manosfera e do odio organizado, promovendo o debate sobre as súas implicacións.

Inscricións: xornadas.igualdade@vigo.org
Prazas limitadas. Inscrición previa.

Máis info: igualdadevigo.org

DIPLOMAS: a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a través do control de asistencia á totalidade das xornadas, emitirá diploma acreditativo

LUNS, 23 DE NOVEMBRO

16:30 **Entrega documentación**

16:45 **Apertura institucional** - **Abel Caballero Álvarez.** Alcalde de Vigo

17:00 **Ponencia e debate.**
"Conversa sobre as estratexias de silenciamento das mulleres. Unha ollada dende o cinema"
Chelo Loureiro Vilarelle - Produtora audiovisual
Inés París Bouza - Directora de cine e guionista

18:15 Descanso café

18:45 **Ponencia e debate.**
"Quen alimenta o troll? A rendabilidade da misoxinia dixital"
Aída Dos Santos - Socióloga e escritora
Gañadora do Premio Nacional de Ensaio 2026 con 'Hijas del Hormigón'

19:45 "A violencia dixital dende o marco de Nacións Unidas"
Yamila González Ferrer - Integrante do Comité de Expertas da CEDAW-ONU e do Consello Consultivo da Asociación Americana de Xuristas. (Ponencia telemática)

MARTES, 24 DE NOVEMBRO

16:30 **Ponencia e debate**
"Autocrítica feminista na era da manosfera"
Sindy Takanashi - Creadora de contidos en Agencia de Genyas

17:30 **Ponencia e debate**
"Perfís incómodos: o xornalismo como altavoz"
Pilar Velasco Acedo - Xornalista especializada en investigación e datos

18:30 Descanso café

19:00 **Ponencia e debate**
"Políticas públicas e marcos de protección fronte á violencia machista dixital"
Cristina Hernández Martín - Directora do Instituto das Mulleres. Ministerio de Igualdade

20:15 **Peche das xornadas e entrega de diplomas**